



## CIRCULAR 11/2015 CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA

A Coruña, 2 de marzo de 2015

En cumprimento do artigo 22.a) dos Estatutos da Federación Galega de Tiro con Arco, o Presidente,

### CONVOCA

### Asemblea Xeral Ordinaria

DÍA: 21 de marzo de 2015

HORA: 16:30 h. en 1ª convocatoria

16:45 h. en 2ª convocatoria

LUGAR: Casa da Xuventude do concello de Lugo, r/ Xesús Bal e Gay, s/n (Lugo)

Coa seguinte orde do día:

- 1.- Informe do Presidente.
- 2.- Presentación e aprobación das contas anuais do ano 2014
- 3.- Presentación e aprobación do presuposto económico para o ano 2015.
- 4.- Modificación e aprobación de normativas FGTA.
- 5.- Calendario deportivo para o ano 2015
- 6.- Solicitudes de organización de competicións oficiais
- 7.- Quenda de preguntas.

As propostas que formulen os membros da Asemblea deberán ser recibidas na Secretaría da FGTA **antes do día 13 de marzo** para a súa remisión ao resto dos assembleístas; e poderán remitirse por correo ordinario ou a través de correo electrónico, no enderezo postal e nas contas de correo electrónico que aparecen no pé desta circular.

As solicitudes de organización de competicións oficiais deberán presentarse por escrito e acompañar unha memoria na que se recollan as características das instalacións, que, como mínimo, serán as que se establecen no Protocolo de organización aprobado pola Asemblea Xeral de abril de 2012 e recollido na normativa nº 12

A documentación necesaria será remitida dende a FGTA á maior brevidade.

\*A Asemblea será aberta para calquera federado –sen voz e sen voto- que acredite a súa pertenza á FGTA e que teña a licenza deportiva en vigor o ano 2015.

  
Mayte Doce Platas  
Secretaria Xeral

*Federación Galega de Tiro co Arco – N.I.F. G-27034131*

**APDO. DE CORREOS 5368 - 15009 – A CORUÑA**

Presidencia: [presidente@fgta.es](mailto:presidente@fgta.es) Tfono.: 629628077// Secretaria: [secretaria@fgta.es](mailto:secretaria@fgta.es) Tfono.: 629615737